



**Grao en Mestre/a de Educación Primaria**

# Traballo Fin de Grao

---

Análise do tratamento do bloque de xogos e deportes da área  
de Educación Física en Primaria e propostas didácticas  
innovadoras

**Autor: David Radío Rioseco**

**Titor: José Eugenio Rodríguez Fernández**

**Curso académico 2016/17**

**Facultade de Ciencias da Educación**

**Setembro 2017**

Traballo Fin de Grao presentado na Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria

Análise do tratamento do bloque de xogos e deportes da  
área de Educación Física en Educación Primaria e  
propostas didácticas innovadoras

Análisis del tratamiento del bloque de juegos y deportes  
del área de Educación Física en Educación Primaria y  
propuestas didácticas innovadoras

Analysis of the treatment of the block of games and  
sports in the area of Physical Education in the Primary  
Education and innovative didactic proposals

# Índice

**Páx.**

|   |    |
|---|----|
| 1. Introducción .....   | 1  |
| 2. Competencias do Grao.....  | 2  |
| 3. Marco Teórico .....  | 3  |
| 3.1. O bloque de xogos e deportes no currículo de Primaria .....            | 3  |
| 3.2. Aspectos metodolóxicos no ensino da Educación Física en Primaria ..... | 4  |
| 3.3. Os deportes na Educación Física en Primaria.....                       | 6  |
| 4. Metodoloxía.....   | 8  |
| 4.1. Deseño .....   | 8  |
| 4.2. Mostra.....  | 8  |
| 4.3. Instrumento.....   | 8  |
| 4.4. Procedemento.....  | 9  |
| 5. Resultados .....   | 9  |
| 5.1. Do alumnado .....  | 9  |
| 5.2. Do profesorado .....   | 14 |
| 6. Discusión.....   | 17 |
| 7. Proposta didáctica .....   | 21 |
| 7.1. Tema .....   | 21 |
| 7.2. Xustificación.....   | 21 |
| 7.3. Recursos.....  | 22 |
| 7.3.1. Materiais.....   | 22 |
| 7.3.2. Recursos didácticos .....  | 22 |
| 7.3.3.Espazos .....   | 22 |
| 7.4. Temporalización.....   | 22 |
| 7.5. Competencias Clave.....  | 22 |
| 7.6. Obxectivos xerais.....   | 23 |
| 7.7. Obxectivos específicos .....   | 23 |
| 7.8. Contidos.....  | 24 |
| 7.9. Criterios de avaliación.....   | 24 |
| 7.10. Estándares de aprendizaxe.....  | 24 |
| 7.11. Pautas metodolóxicas.....   | 25 |
| 7.12. Adaptacións .....   | 25 |
| 7.13. Avaliación .....  | 26 |
| 7.13.1. Técnicas de avaliación .....  | 26 |
| 7.13.2. Momentos e funcións da avaliación .....                             | 26 |

|   |    |
|---|----|
| 7.14. Sesións.....  | 27 |
| 8. Conclusións.....   | 27 |
| 9. Referencias bibliográficas.....  | 28 |
| Anexo I: Cuestionario sobre actividades deportivas e coñecemento sobre o deporte para o alumnado .....          | 34 |
| Anexo II: Cuestionario sobre oferta deportiva, coñecemento e aptitudes do deporte para o profesorado de EF..... | 37 |

## **Índice de táboas**

**Páx.**

|  |    |
|--|----|
| Táboa 1. Frecuencia coa que o alumnado realiza deporte á semana e ao día .....     | 10 |
| Táboa 2. Razóns polas que o alumnado desexa realizar máis deportes en EF .....     | 12 |
| Táboa 3. Grao de coñecemento da lista de deportes .....                            | 14 |
| Táboa 4. Razóns polas que o profesorado se sente capacitado.....                   | 15 |
| Táboa 5. Opinión dos docentes sobre o material e as instalacións dos centros ..... | 16 |
| Táboa 6. Deportes que coñecen ou se ven capacitados para ensinar.....              | 16 |
| Táboa 7. Xustificación pregunta 9 .....  | 17 |

## Índice de figuras

**Páx.**

|   |    |
|---|----|
| Figura 1. Deportes que o alumnado practica fóra da escola .....             | 10 |
| Figura 2. Deportes que o alumnado practica no recreo .....                  | 11 |
| Figura 3. Deportes que o alumnado practica na materia de EF .....           | 11 |
| Figura 4. Deportes descubertos na materia de EF polo alumnado .....         | 12 |
| Figura 5. Deportes que máis interese xeran no alumnado.....                 | 13 |
| Figura 6. Deportes suxeridos polo alumnado.....                             | 14 |
| Figura 7. Actividades deportivas con máis peso na programación.....         | 14 |
| Figura 8. Motivos para seleccionar un deporte .....                         | 14 |
| Figura 9. Motivos polos que se ofertan os mesmos deportes nos centros ..... | 15 |

# Agradecementos

*Antes de comezar co traballo gustárame agradecer en primeiro lugar, ao meu titor José Eugenio Rodríguez Fernández polo seu traballo e apoio durante todo o proceso de traballo que derivou neste Traballo Fin de Grado, xa que desde un inicio se mostrou interesado coa realización do mesmo e me apoiou en tódolos momentos que o precisei e nas decisións que tiveren que tomar ao longo do traballo, animándome a traballar e a facer posible isto.*

*Agradecer tamén aos centros CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, CEIP Felipe de Castro, CPR Jaime Balmes e Colexio María Assumpta e aos seus mestres e mestras de Educación Física pola súa participación neste estudo, xa que de non ser por eles este traballo non se podería haber levado a cabo.*

*Por último, dicir que este traballo é todo un logro persoalmente e que tamén é de todos aqueles que perderon parte do seu tempo axudándome, motivándome ou facendo máis ameno o proceso de traballo para chegar ata aquí. Moitas grazas a todos.*

## Resumo

O presente Traballo Fin de Grao desenvolve un análise do bloque de xogos e deportes do currículo de Educación Física nas aulas de Primaria para coñecer a situación dos deportes alternativos e a súa integración nas ofertas educativas e propostas didácticas dos centros educativos. Pártese dun estudo teórico da situación para chegar a afondar nela cun estudo de investigación levado a cabo nos centros educativos do concello de Noia, mediante enquisas tanto a mestres como ao alumnado. Trala conclusión do estudo, realizarase unha proposta didáctica e innovadora que integre unha serie de deportes alternativos no aula de Educación Física. O estudo xorde coa finalidade de corrixir a situación que se dá actualmente nos centros educativos, nos que os chamados deportes de masas, como o fútbol ou o baloncesto, absorben gran parte do tempo de lecer e das clases de Educación Física, deixando de lado unha gran cantidade de actividades deportivas que poden aportar novas perspectivas e ampliar os coñecementos e as experiencias do alumnado.

**Palabras chave:** Educación Primaria, Educación Física, deporte, innovación, metodoloxía.

## Resumen

El presente Trabajo Fin de Grao desarrolla un análisis del bloque de juegos y deportes del currículo de Educación Física en las aulas de Primaria para conocer la situación de los deportes alternativos y su integración en las ofertas educativas y propuestas didácticas de los centros educativos. Se parte de un estudio teórico de la situación para llegar a profundizar en ella con un estudio de investigación llevado a cabo en los centros educativos del ayuntamiento de Noia, mediante encuestas tanto a maestros como al alumnado. Tras la conclusión del estudio, se realizará una propuesta didáctica e innovadora que integre una serie de deportes alternativos en el aula de Educación Física. El estudio surge con la finalidad de corregir la situación que se da actualmente en los centros educativos, en los que los llamados deportes de masas, como el fútbol o el baloncesto, absorben gran parte del tiempo libre y de las clases de Educación Física, dejando de lado una gran cantidad de actividades deportivas que pueden aportar nuevas perspectivas y ampliar los conocimientos y las experiencias del alumnado.

**Palabras clave:** Educación Primaria, Educación Física, deporte, innovación, metodología.



## **Abstract**

The present final dissertation develops an analysis of the block of games and sports in the curriculum of Physical Education in the classrooms of Primary Education to get to know the situation of the alternative sports and its integration in educational offerings and didactic proposals for schools. A theoretical study of the situation is the starting point to reach deeper in it with a research study carried out in schools of the municipality of Noia, through surveys of both teachers and students. After the conclusion of the study, a didactic and innovative proposal that integrates a series of alternative sports in the classroom of Physical Education will be performed. The study arises in order to correct the situation which is currently given in schools, in which the so-called mass sports, like football or basketball, absorb much of the free time and physical education classes, setting aside a lot of sporting activities that can bring new perspectives and increase the knowledge and experiences of the students.

**Key words:** Primary Education, Physical Education, sport, innovation, methodology.

## 1. Introducción

Na sociedade actual o mundo do deporte está en auxe, cada vez practícanse un maior número de actividades deportivas e as ofertas aumentan en tódolos sentidos. Isto implica que a variedade existente é moi ampla con respecto a épocas pasadas. Trasladado ao mundo da escola, danos máis alternativas na materia de Educación Física (EF), xa que como se indica no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo cal se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os docentes son libres de elixir o deporte que crean conveniente mentres se adaptan aos obxectivos a lograr no bloque de xogos e deportes do currículo.

Deste xeito as aulas de Primaria soen estar ateigadas dunhas disciplinas deportivas, que son as máis coñecidas e practicadas socialmente fóra da escola, polo que se contribúe á difusión destas prácticas deportivas, deixando de lado outras igual de interesantes e atractivas para os rapaces e docentes. Os motivos que levan a isto poden ser varios como a falta de formación do profesorado, a non existencia das instalacións necesarias para a súa práctica ou a falta de material.

Escollemos este tema de traballo pola importancia que ten dentro da etapa de Educación Primaria, onde debemos afondar en alternativas aos deportes de masas, como o fútbol ou o baloncesto, que ocupan gran parte das nosas clases de EF obstruíndo o paso a novas opcións como o korfbal ou o floorball. Outro motivo para a elección deste tema é o propio gusto que sentimos polo mundo deportivo e a inquedanza que nos produciu este fenómeno que está a suceder dentro das aulas.

É un tema de grande interese que nos permite obter información tanto para o profesorado como para o alumnado, como os motivos polos que estes elixen unhas disciplinas concretas ou porque os mestres non optan por deportes alternativos nesta etapa. Así, mentres podemos atopar facilmente propostas didácticas sobre fútbol ou baloncesto, é máis complicado facelo sobre deportes alternativos.

A estrutura desde Traballo Fin de Grao (TFG) estará conformada por 9 apartados con relación entre eles. O primeiro bloque será unha introdución xeral do tema elixido, seguida dunha xustificación e a importancia do tema en cuestión, finalizando cos distintos obxectivos do traballo. Antes de comezar cos fundamentos teóricos faremos unha mención ás competencias do grao ás que contribuímos con este TFG. O segundo bloque recollerá os fundamentos e a base teórica sobre a que edificaremos a nosa práctica.

No marco teórico comezaremos do xeral ao concreto. Realizaremos un análise curricular para coñecer cales son as recomendacións para os docentes e como se trata o

tema dos deportes. Despois, afondaremos na metodoloxía da materia de EF en Primaria, introducindo brevemente a didáctica da EF e repasando os modelos metodolóxicos existentes. Por último, centrarémonos nos deportes, destacando aqueles que máis se traballan e presentando as alternativas e os seus beneficios.

No terceiro bloque principal pasamos á parte práctica en forma dun estudo de investigación levado a cabo nos centros públicos CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadaso, CEIP Felipe de Castro, e nos centros privados de carácter concertado CPR Jaime Balmes e Colexio María Assumpta, todos eles pertencentes ao concello de Noia. A través de enquisas analizarase a situación do alumnado, para coñecer a súa realidade e os seus intereses particulares, así como a do profesorado de EF, para coñecer a realidade das súas propostas e a apertura a novas alternativas na aula. Logo de analizar as enquisas expoñeranse os principais resultados e someteranse a discusión, finalizando cunha conclusión. Por último, amosaremos a bibliografía empregada e os anexos.

Polo tanto, o obxectivo deste traballo é determinar que tipo de deportes se realizan nos centros para establecer unha proposta alternativa e innovadora no tratamento do bloque de xogos e deportes da EF na etapa de Primaria.

## **2. Competencias do Grao**

Este traballo contribúe á adquisición das seguintes competencias do Grao:

- G1 - Conocer las áreas curriculares de la Educación Primaria, la relación interdisciplinar entre ellas, los criterios de evaluación y el cuerpo de conocimientos didácticos en torno a los procedimientos de enseñanza y aprendizaje respectivos.

Dado que a EF é un área curricular dentro da etapa de Primaria, este traballo axuda a adquirir outros coñecementos didácticos para traballar de forma distinta os procesos de ensinanza e aprendizaxe de dita materia.

- G2 - Diseñar, planificar y evaluar procesos de enseñanza y aprendizaje, tanto individualmente como en colaboración con otros docentes y profesionales del centro.

Ao igual que na G1, este traballo aporta distintas maneiras de afrontar os procesos de ensinanza-aprendizaxe, grazas a tratar disciplinas deportivas alternativas.

- G4 - Diseñar y regular espacios de aprendizaje en contextos de diversidad y que atiendan a la igualdad de género, a la equidad y al respeto a los derechos humanos que conformen los valores de la formación ciudadana.

Tratándose da área da EF e tendo relación co bloque de xogos e deportes podemos dicir que contribúe a enriquecer a forma de transmitir valores a través de distintos deportes.

- G5 - Fomentar la convivencia en el aula y fuera de ella, resolver problemas de disciplina y contribuir a la resolución pacífica de conflictos. Estimular y valorar el esfuerzo, la constancia y la disciplina personal en los estudiantes.

O mero feito de traballar a través dunha disciplina deportiva fai posible traballar dunha forma sinxela e atractiva para os alumnos a xestión de conflitos e a valorar o esforzo e a constancia a través do traballo, sobre todo físico.

- G10 - Reflexionar sobre las prácticas de aula para innovar y mejorar la labor docente. Adquirir hábitos y destrezas para el aprendizaje autónomo y cooperativo y promoverlo entre los estudiantes.

Nesta competencia destaca o traballo de cara as prácticas innovadoras e alternativas ante aquelas máis clásicas ou estendidas.

### **3. Marco Teórico**

#### **3.1. O bloque de xogos e deportes no currículo de Primaria**

Na actualidade o currículo da nosa comunidade ven dado polo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº171 do 9 de setembro de 2014) desenvolvido no marco da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Esta lexislación na área de EF trata o bloque de xogos e deportes (Bloque 6) dándolle unha gran importancia ao xogo dentro do currículo e tamén dá liberdade aos docentes para elixir as actividades deportivas.

Deste xeito observando este Bloque 6 poderemos atopar diferentes mencións en relación ao deporte en función do curso. Existe unha evolución progresiva nas mencións que se fan dende os primeiros cursos ata os últimos. Xeralmente estas non obrigan aos mestres a traballar cun deporte determinado, se non que en ningún caso especifican isto, agás no que denominan “deporte de orientación” ou “deportes tradicionais de Galicia”, que tampouco se citan.

Así podemos observar que o currículo non afecta á escolla dunha actividade deportiva determinada nos centros, as referencias que poida facer ao deporte ou ás actividades deportivas e a súa iniciación son limitadas e pouco concisas, como afirman Méndez, Fernández-Río, Méndez e Prieto (2015a).

É importante saber que o currículo dá unha serie de orientacións a nivel metodolóxico que se concretan en: tratar aos alumnos acorde coas súas capacidades; as actividades realizadas deben adaptarse ao contexto social existente; o tema da saúde debe ser constante; compañeirismo e resolución de conflitos como piares da materia; o xogo como elemento motivador, e por último, fomentar un pensamento estratéxico durante as actividades, buscando a resolución de problemas nas situacións que se poden dar durante as mesmas (Muñoz, 2014).

O currículo no referente a este Bloque 6 da área de EF non realiza especificacións, só orienta sobre a metodoloxía. Segundo Martín, Romero-Martín e Chivite (2015) en moitos casos recórrase a un modelo conceptual que promove o traballo teórico para chegar aos procesos prácticos marcados pola competitividade e a eficiencia do alumnado, creando unha diferenza entre os que logren ou non un obxectivo. Isto dá a entender que a elección da actividade deportiva a realizar é de libre elección para o mestre, sempre que non se afaste do marco lexislativo.

### ***3.2. Aspectos metodolóxicos no ensino da Educación Física en Primaria***

Á hora de ensinar os contidos na EF debemos basearnos nuns principios metodolóxicos rexidos pola didáctica que nos afecta directamente, propia da disciplina de EF. Tanto a didáctica como a metodoloxía empregadas nesta materia sufriron unha evolución e seguen unha tendencia no que se refire aos deportes (Peire e Estrada, 2015)

Cando se fala da EF como unha materia diferenciada do resto, cuns obxectivos, contidos e cunhas particularidades claras nos seus procesos de ensino-aprendizaxe (Romero, 2007), podemos falar dunha didáctica específica e propia desta materia, a Didáctica da EF. Actualmente esta disciplina céntrase máis no propio suxeito e en todo o que o rodea (motivacións, condicionantes, decisións), así como as relacións sociais que se xeran durante as actividades, afastándose do enfoque tradicional, que avogaba por ocuparse do movemento en si mesmo (Sánchez Bañuelos, 2003).

A evolución do modelo didáctico cara a importancia do suxeito, xera a aparición de novos modelos para ensinar ou introducir unha actividade deportiva concreta, que intentan afastarse dun método máis tradicional e, como afirman Rodríguez, Mato e Pereira (2016) que acaba primando o traballo do conxunto de habilidades motrices de forma illada, coa finalidade de obter un alumnado tecnicamente competente.

Deste xeito podemos diferenciar varios modelos ou metodoloxías que actúan no proceso de ensino-aprendizaxe da materia da EF, máis concretamente no referente aos

deportes, como aprecian diferentes autores como Alarcón, Cárdenas, Miranda, Ureña e Pinar (2010) ou Rodríguez et al. (2016).

Podemos falar dunha metodoloxía tradicional que segundo Rodríguez et al. (2016) se divide en tres etapas ou fases: unha primeira que comeza ca ensinanza e a adquisición das técnicas e habilidades propias do deporte. Na segunda estas habilidades póñense en práctica en situacións de xogo simuladas que se repiten de forma mecánica. Por último, cos xestos e habilidades definidos e mecanizados polos xogadores, propóñenselle situacións reais de xogo para integrar progresivamente aspectos relacionados ca táctica individual e colectiva.

O método estrutural parte das teorías de Bayer (citado por García, 2001) que analiza os deportes partindo dos principios básicos do xogo en ataque e defensa, deste xeito diferencia tres momentos: o primeiro de "orientación-investigación" no que os xogadores afrontan unha situación problemática; o segundo de "toma de conciencia" no que o xogador capta cales son os elementos esenciais da situación problemática aos que reaccionar para unha mellor resposta; por último, o de "repetición" para fixar respostas e automatizalas, a través de variar as condicións do entorno conseguindo varias respostas válidas para unha acción concreta.

Tamén atopamos os métodos ou estilos cognitivos nos que podemos definir tres fases como afirman Rodríguez et al. (2016): 1) Motivación para propiciar a busca. Etapa onde se expón cal é o problema e os seus puntos de interese. 2) Presentación do obxectivo a conseguir. Coñécese o problema e o seu nivel de dificultade. 3) Información necesaria para afrontar o problema. Pode ter solución única, se é un caso de descubrimento guiado, ou varias se fose unha resolución de problemas. Este modelo fomenta a intención de descubrir por parte do alumnado.

Outro modelo cun auxe importante nos últimos anos é o modelo comprensivo para a iniciación deportiva que naceu tras as achegas de Thorpe, Bunker e Almond (citado por Alarcón et al., 2010), que concluíron nun modelo de ensino-aprendizaxe onde a importancia recae sobre o contexto, é dicir aparece unha aprendizaxe contextual a través dos chamados xogos modificados, situacións reducidas do deporte real, nos que a técnica pasa a ser desprazada a un segundo plano. O xogo vólvese máis complexo taticamente a medida que os alumnos avanzan, xa que é necesario poñerlles novos obxectivos técnico-tácticos. (López-Ros, Castejón-Oliva, Bouthier e Llobet-Martí, 2015).

Con este método créanse situacións variadas que son estimulantes para os alumnos e que lles permite reflexionar sobre o que acaba de pasar en cada unha delas, o que lles

permite chegar por eles mesmos a unha comprensión do deporte a partir de experiencias lúdicas, onde se poden atopar máis motivados. (Abad, Benito, Giménez, Robles, 2013). Este pode ser o valor máis alto que ten o xogo modificado no proceso de ensino-aprendizaxe.

O método integrado garda similitudes co método comprensivo pero tal como expoñen Rodríguez et al. (2016) existen algunhas diferenzas baseadas na ensinanza de deportes de colaboración-oposición, onde se diferencia no alumnado entre técnica e táctica. Deste xeito propóñense dúas fases diferenciadas: empézase pola táctica mentres a técnica se queda nun segundo plano ou viceversa. Despois realízanse unha serie de situacións de xogo similares ao deporte real, que se repetirán. Na segunda fase debe manterse o compoñente do xogo de colaboración-oposición e alternar entre xogo de ataque e defensa (Castejón, 2004).

Por último, destacar o modelo construtivista no que segundo Rodríguez et al. (2016) os expertos propoñen dúas fases diferenciadas: 1) Indagación e visualización dos problemas. O docente pon o foco de atención do alumnado no obxectivo que deben conseguir, deste xeito o alumnado pode identificar os diferentes problemas que aparecen cando quere achegarse e lograr o obxectivo marcado. 2) Reflexión e análise dos resultados da busca. Como un guía o docente acompaña ao alumnado para que confirme a validez das súas respostas aos problemas e reforzar a aplicación destas no xogo. A reestruturación dos conceptos e dos coñecementos previos do alumnado é o máis interesante que aporta este modelo.

Aínda que a presenza de todos estes modelos hoxe en día nas aulas é evidente, está claro que cada vez se traballa máis con metodoloxías que converten ao alumnado no protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe, deixando atrás aquel modelo máis tradicional onde o mestre e o rendemento motriz priman por encima de todo. Actualmente búscase que o alumnado sexa valorado de maneira cualitativa, que reflexione para abordar diferentes situacións de xogo de forma eficaz por si mesmo, é dicir, que teña un sistema de resolución de conflitos baseado na súa propia práctica e experiencia do xogo.

### **3.3. Os deportes na Educación Física en Primaria**

Actualmente podemos observar que existen unha serie de actividades deportivas que se levan a cabo nos centros escolares deixando de lado outras disciplinas. Estes deportes son sobre todo de tipo colectivo e son maiormente aqueles que están máis mediatizados socialmente, os chamados deportes de masas (Hernández e Carballo, 2002-2003). Trátase de deportes como poden ser o fútbol, o fútbol sala, o baloncesto ou o voleibol.

Estes deportes de masas, máis mediatizados, aprovéitanse disto para gañar cada vez máis espazo dentro das aulas relegando a un segundo nivel á innovación educativa na materia de EF. É, polo tanto, unha necesidade clara poder ver e poñer en práctica outras propostas para abandonar esa rutina didáctica na que nos atopamos (Peire e Estrada, 2015).

O deporte actúa como elemento formativo (Corrales, 2010) que é un dos seus valores máis importantes, pero cas propostas deportivas actuais non se aproveita o seu potencial ao máximo. En comparación con estas, aquelas baseadas en deportes alternativos promoven mellor algúns valores educativos como o respecto, a relación cos compañeiros, entre outros (Robles-Rodríguez, Abad-Robles, Fuentes-Guerra e Benito-Peinado, 2017). Entón, é conveniente incluír novos deportes que complementen a oferta habitual e tradicional que se leva acabo nos centros, así como que non requiran espazos nin un material custoso, estes son os deportes alternativos.

Podemos atopar múltiples propostas didácticas que traten os deportes na Primaria, a maioría escollen os xa citados deportes de masas por diversas razóns, o fútbol e o baloncesto son un exemplo notable disto. Diversos autores como Campuzano (2009), Rodríguez et al. (2016) e Ruíz (2011) aportan motivos e xustifican a súa elección baseándose en que estes deportes non se deben esquecer por ser os que máis se practican no tempo libre do alumnado e que incluso poden aportar unha motivación extra aos nenos, xa que se acerca aos seus intereses ao ser unha práctica colectiva ca que podemos atoparnos a miúdo. Outros autores como Hellín e González (2013) afirman que o escollen polos valores que pode transmitir o ensino destas disciplinas.

Para traballar aspectos importantes no desenvolvemento integral do neno, condición física, valores ou aspectos cognitivos na EF existen alternativas reais, aínda que menos coñecidas tamén poden actuar como máis motivadoras para o alumnado que non concorda con estas propostas baseadas en deportes máis populares, cos que non se senten cómodos algúns alumnos (Arufe, 2016). Por iso é posible traballar nunha realidade diferente con propostas que busquen un aumento da motivación, das situacións educativas nas aulas de EF, así como das posibles intervencións e da participación do alumnado (Dalmau e Peire, 2010).

Estes deportes buscan desenvolver unha perspectiva máis centrada na educación sen deixar de lado o aspecto lúdico, buscando a integración duns valores, unha ética do compañeirismo e a igualdade de oportunidades entre o alumnado, intentando afastarse da competitividade na que están envoltos os deportes máis convencionais (Fierro, Haro e García, 2016).



## **4. Metodoloxía**

### **4.1. Deseño**

A nosa investigación trátase dun estudo de caso que nos axude a contextualizar o noso obxecto de estudo, apreciando unha visión máis real e profunda do fenómeno, así como reflectir a peculiaridade e particularidade dunha realidade concreta (Álvarez e San Fabián, 2012). É de carácter descritivo, é dicir, os datos rexistrados darán lugar a diferentes exposicións dos mesmos, a través das cales poderemos afondar e obter afirmacións que nos leven a explicar e buscar causas do noso fenómeno de estudo (Quecedo e Castaño, 2002).

### **4.2. Mostra**

A nosa poboación obxecto de estudo é o alumnado de 5º e 6º curso de Educación Primaria dos centros escolares públicos CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, CEIP Felipe de Castro, e dos centros privados de carácter concertado CPR Jaime Balmes e Colexio María Assumpta, todos eles localizados no concello de Noia. Tamén son obxecto de estudo os mestres e mestras da materia de EF dos centros anteriores.

Contamos con 271 alumnos enquisados divididos en 133 nenas e 138 nenos con idades comprendidas entre os 10 e os 12 anos. O número total de mestres e mestras enquisados é de 5 cunha experiencia laboral de entre 8 e 23 anos, sendo 2 mulleres e 3 homes.

### **4.3. Instrumento**

Os instrumentos que empregamos para o estudo son dous cuestionarios, un para o alumnado e outro para o profesorado. O cuestionario do alumnado consta de 18 preguntas (ver Anexo 1) mentres que o do profesorado conta con 16 (ver Anexo 2).

O cuestionario do alumnado consta de 18 preguntas estruturadas en cinco partes:

- Primeira parte. Cuestións vinculadas a datos persoais do alumando (2 preguntas).
- Segunda parte. Cuestións relacionadas cos deportes que realizan fóra da escola (5 preguntas).
- Terceira parte. Cuestións sobre deportes realizados na escola, tanto nos recreos como na materia de EF (4 preguntas).
- Cuarta parte. Cuestións vinculadas coa percepción do alumnado sobre os deportes practicados na materia de EF e a súa variedade (4 preguntas).
- Quinta parte. Cuestións relacionada co grao de interese e coñecemento sobre diferentes deportes ou actividades deportivas (3 preguntas).

O cuestionario do profesorado conta con 16 preguntas repartidas en cinco partes:

- Primeira parte. Cuestións vinculadas a datos persoais do profesorado (3 preguntas).
- Segunda parte. Cuestións relacionadas cos deportes empregados por eles e a opinión sobre esa elección e a dos centros (3 preguntas).
- Terceira parte. Cuestións sobre a súa capacitación como docente e a súa formación actual (3 preguntas).
- Cuarta parte. Cuestións vinculadas co material deportivo e instalacións do centro (3 preguntas).
- Quinta parte. Cuestións relacionadas co coñecemento de distintos deportes, os deportes alternativos e a capacitación para poñelos en práctica (4 preguntas).

#### **4.4. Procedemento**

En primeiro lugar, fíxose unha revisión bibliográfica para coñecer a información ca que partíamos ou ata onde chegaran estudos anteriores, así poderíamos adaptar os cuestionarios aos nosos intereses. Posteriormente, elaboráronse os cuestionarios, tendo en conta que buscabamos tanto respostas concretas como algunha reflexión ou razoamento por parte de alumnado e profesorado. Estes cuestionarios realizámoslos en base ás preguntas que nós mesmos nos fixemos sobre a problemática e as respostas que queríamos obter da nosa mostra.

Despois de falar persoalmente coa dirección e docentes de EF dos diferentes centros mostrándolles os cuestionarios e solicitando a súa colaboración no estudo, aplicamos os cuestionarios nos diferentes centros e contaron cunha semana para a súa realización. Levouse a cabo a recollida dos ditos cuestionarios polos centros para comezar coa análise de datos. Os datos obtidos foron informatizados e realizáronse gráficos nos que se expoñen os resultados coa axuda do programa Microsoft Excel.

### **5. Resultados**

#### **5.1. Do alumnado**

Dun total de 271 alumnos, 237 (87,5%) deles afirmaron que practican algún deporte fóra da escola fronte a 34 (12,5%) que manteñen que fóra da escola non realizan ningunha actividade deportiva. Non hai diferenzas destacables entre os resultados que se dan entre os nenos e as nenas. En referencia a cales son eses deportes que practican (Figura 1) si existen diferenzas entre as nenas e os nenos, xa que mentres que elas practican máis actividades relacionadas co baile (46,6%) , eles tenden máis cara o fútbol (58,7%).




Figura 1. Deportes que o alumnado practica fóra da escola

En relación aos días da semana que practican deporte e as horas diarias, podemos afirmar segundo a Táboa 1 que soen practicar deporte á orde de 1 ou 2 días á semana, maioritariamente, en sesións de 1 hora ao día. A razón básica pola que o alumnado practica deporte é porque lle gusta (95,4%), segundo indicaron nas enquisas, aínda que, de forma minoritaria, atopamos outros motivos como que o fan para manterse en forma (2,5%), por problemas nas costas (3,4%) e incluso por obrigación (0,8%).

Táboa 1. Frecuencia coa que o alumnado realiza deporte á semana e ao día

| Días      | Nº de alumnos |       | Tempo       | Nº de alumnos |       |
|-----------|---------------|-------|-------------|---------------|-------|
| 1 o 2     | 70            | 29,5% | 30 min      | 9             | 3,8%  |
| 3         | 64            | 27%   | 1 h         | 106           | 44,7% |
| 4         | 44            | 18,6% | 2 h         | 80            | 33,8% |
| 5 ou máis | 59            | 24,9% | 2 h ou máis | 42            | 17,7% |

Durante os recreos, 188 (69,4%) alumnos e alumnas afirman practicar algún deporte na escola, fronte a 83 (30,6%) que indican que non realizan actividades deportivas neste tempo de lecer. Podemos mencionar que nos recreos son as rapazas as que menos deporte practican, xa que o 20,3% das respostas negativas son femininas, por un 10,3% que se corresponde con nenos. No grupo do alumnado que afirma practicar actividades deportivas durante os recreos, destacan algunhas delas coma o fútbol, o baloncesto ou actividades relacionadas ca danza (ver Figura 2). Neste caso tamén observamos diferenzas entre

ambos sexos, xa que mentres os rapaces optan máis pola práctica do fútbol (88,2%), as rapazas decántanse polo baile (35,9%).




Figura 2. Deportes que o alumnado practica no recreo

Se falamos do material deportivo co que conta o centro, 266 alumnos (98,2%) opinan que no seu centro contan con suficiente material para realizar diferentes deportes durante o recreo ou na materia de EF. Na materia de EF os deportes que o alumnado considera que máis practica son, sobre todo, deportes de equipo, salvando a excepción do bádminton que non o é. Destaca tamén que atopamos como os máis practicados 2 deportes convencionais seguidos de 2 deportes menos estendidos no aula de EF (ver Figura 3). Non existen diferenzas significativas entre rapazas e rapaces.




Figura 3. Deportes que o alumnado practica na materia de EF

Con respecto a se o alumnado descobre deportes na materia de EF que non coñecían anteriormente, mentres 95 (35,1%) afirman que non descubren deportes novos para eles, hai unha maioría de 176 (64,9%) alumnos e alumnas que comentan que si o fan. Os deportes que eles consideran novos e, por tanto, descoñecidos nun primeiro momento son, entre outros, o balonkorf, o ultimate frisbee ou o floorball (ver Figura 4). Tampouco atopamos diferenzas destacables entre nenos e nenas.




Figura 4. Deportes descubertos na materia de EF polo alumnado

A 186 (68,6%) dos 271 alumnos e alumnas enquisados lles gustaría practicar unha maior variedade de deportes en EF, aínda que 85 (31,4%) tamén afirmaron que non lles gustaría isto se non que están conformes cos que xa levan á práctica. No caso do alumnado que respondeu á pregunta de forma afirmativa, podemos atopar diversos motivos polos cales lles gustaría ampliar os seus coñecementos e experiencias deportivas, que aparecen rexistrados na Táboa 2.

Táboa 2. Razóns polas que o alumnado desexa realizar máis deportes en EF

| Razóns                            | Nº de alumnos |       |
|-----------------------------------|---------------|-------|
| Para coñecer deportes novos       | 58            | 31,2% |
| Porque é divertido                | 44            | 23,7% |
| Para probar novos deportes        | 33            | 17,7% |
| Porque é repetitivo e aburrido    | 31            | 16,7% |
| Para facer máis deporte           | 13            | 7%    |
| Para ser mellor deportista        | 5             | 2,7%  |
| Por falta de tempo fóra da escola | 2             | 1%    |

Na seguinte cuestión propuxémoslle ao alumnado que seleccionara todos aqueles deportes que lles gustaría coñecer ou practicar, tendo uns maior acollida que outros. Os deportes que máis lle interesaría coñecer ou aprender a xogar ao alumnado son o parkour, a natación ou os bolos (ver Figura 5). Neste caso podemos apreciar que mentres os alumnos optaron por deportes coma o parkour (38,4%), o boxeo (31,4%) e a esgrima (31%), as alumnas deixáronse levar por deportes como a patinaxe (33,9%), a natación (33,6%) ou o piragüismo (28,4%) entre outros.





Figura 5. Deportes que máis interese xeran no alumnado

En relación ao coñecemento que o alumnado ten sobre os deportes que se atopaban na lista os resultados foron bastante notables como se mostra na Táboa 3. Na última pregunta do cuestionario a maioría dos alumnos non creron necesario engadir máis deportes de cara á listaxe, 155 (57,2%) alumnos e alumnas avogaron por esta alternativa, mentres que por outro lado si houbo alumnado que presentou alternativas como o paddlesurf, o paintball ou o baile (ver Figura 6).

**Táboa 3. Grao de coñecemento da lista de deportes**


| Razóns     | Nº de alumnos |       |
|------------|---------------|-------|
| Todos      | 8             | 3%    |
| Case todos | 151           | 55,7% |
| A metade   | 60            | 22,1% |
| Poucos     | 50            | 18,5% |
| Ningún     | 2             | 0,7%  |




*Figura 6. Deportes suxeridos polo alumnado*

## 5.2. Do profesorado

Os docentes enquisados teñen distintas opinións sobre cales son os deportes ou actividades deportivas que teñen máis peso nas súas programacións, destacan sobre todo os deportes alternativos seguidos dalgún deporte de equipo como o baloncesto ou o floorball (ver Figura 7). Tamén cabe comentar que un dos docentes recoñeceu que non teñen máis peso uns que outros, se non que se programa en función do Deseño Curricular Base. As diferentes razóns ou motivos da elección deses deportes e non doutros ven condicionado polas instalacións e materiais do centro ou polo propio alumnado entre outros (ver Figura 8).



*Figura 7. Actividades deportivas con máis peso na programación*



*Figura 8. Motivos para seleccionar un deporte*

Na Figura 9 podemos observar cales creen os docentes enquisados que son as razóns polas que nos centros se ofertan sempre as mesmas actividades deportivas dentro da materia de EF. Concordan en que na maioría dos casos ten que ver con motivos relacionados coa falta de formación ou de actualización por parte dos docentes, por comodidade ou ca falta de material.




Figura 9. Motivos polos que se ofertan os mesmos deportes nos centros

Tódolos docentes se senten capacitados, en maior ou menor medida, para dar a coñecer calquera tipo de deporte ou actividade deportiva aos seus alumnos, estando 3 (60%) deles en acordo ca afirmación e 2 (40%) totalmente de acordo. A explicación que dan sobre o porqué se senten capacitados é diversa como podemos observar na Táboa 4. En relación a isto, os mestres de EF enquisados afirman que están ao día respecto das novas alternativas deportivas que complementan a oferta habitual nos centros, aínda que dos 5 mestres son 4 (80%) quen as poñen en práctica, fronte a 1 (20%) que non as aplica.

Táboa 4. Razóns polas que o profesorado se sente capacitado

| Razóns   | Nº de mestres |     |
|--|---------------|-----|
| Teño formación suficiente                                | 2             | 40% |
| Podo actualizarme e buscar formación                     | 2             | 40% |
| Polo menos os aspectos teóricos a un nivel de iniciación | 1             | 20% |

Como se mostra na Táboa 5 a maioría dos docentes afirman que o material deportivo co que contan é suficiente, mentres que na segunda cuestión existe maior diferenza xa que mentres que uns si valoraron a alternativa de elaborar material deportivo pola súa parte ou por parte dos nenos, outros non chegaron a telo en conta. En relación cas instalacións e espazos do centro podemos observar que os mestres teñen unha boa opinión sobre elas e que son boas.



**Táboa 5. Opinión dos docentes sobre o material e as instalacións dos centros**

| <b>Opinión</b>          | <b>Material deportivo do centro é suficiente</b> |     | <b>Posibilidade de elaboración material</b> |     | <b>Instalacións do centro son boas</b> |     |
|-------------------------|--|-----|---|-----|--|-----|
| Totalmente en desacordo | 0  | 0%  | 0   | 0%  | 0                                      | 0%  |
| En desacordo            | 1  | 20% | 2   | 40% | 0                                      | 0%  |
| De acordo               | 2  | 40% | 2   | 40% | 2                                      | 40% |
| Totalmente de acordo    | 2  | 40% | 1   | 20% | 3                                      | 60% |

Na seguinte pregunta os mestres de EF seleccionaron todos aqueles deportes que coñecesen ou que se viran capacitados para ensinar ao seu alumnado como parte da súa programación, como ben se mostra na Táboa 6 na que aparecen todas as escollas que fixeron os mestres da listaxe proporcionada.

**Táboa 6. Deportes que coñecen ou se ven capacitados para ensinar**

| <b>5 escollas</b>  | <b>4 escollas</b>                        | <b>3 escollas</b>   | <b>2 escollas</b>                                | <b>1 escolla</b>                              | <b>0 escollas</b> |
|--|--|---|--|---|-------------------|
| Atletismo,<br>Balonmán,<br>Bádminton, Bolos,<br>Natación, Petanca,<br>Ultimate Frisbee | Beisball,<br>Floorball,<br>Tenis de mesa | Boxeo, Ciclismo,<br>Korfball, Patinaxe,<br>Piragüismo, Remo,<br>Kinball | Parkour,<br>Slackline,<br>Goalball,<br>Disc Golf | Críquet,<br>Lacrosse,<br>Softball,<br>Esgrima | Tripela           |

Na seguinte cuestión os docentes déronnos a súa propia definición de deporte alternativo, que foron as seguintes:

- P1- Actividades físicas ou deportivas que xorden como alternativa aos deportes tradicionais.
- P2- O que non é usual por material, lugar ou hábito deportivo.
- P3- Son aqueles deportes que non están suxeitos ás normas nin aos materiais convencionais e tradicionais.
- P4- Son deportes pouco coñecidos e polo tanto pouco practicados e que representan unha opción alternativa aos deportes convencionais.
- P5- Son actividades físicas cun alto compoñente lúdico que se caracterizan por primar a cooperación por riba da competición; son de sinxelo aprendizaxe, nos que o

alumnado ten un nivel homoxéneo na iniciación; hai pouco ou ningún contacto físico e a idade e o sexo non son obstáculo para xogar a eles; emprega técnicas relativamente fáciles cun regulamento sinxelo.

En relación á posibilidade de realizar unha proposta didáctica baseada en deportes alternativos a maioría dos mestres pronunciouse de forma positiva sendo só 1 (20%) dos 5 o que non se atopa de acordo con esta proposta, xa que dos outros 2 (40%) se mostraron de acordo e outros 2 (40%) totalmente de acordo. En consecuencia ca súa resposta aportaron os diferentes motivos da mesma como mostra a Táboa 7.

**Táboa 7. Xustificación pregunta 9**

| <b>Razóns</b>   | <b>Resposta dos mestres</b> |     |
|---|-----------------------------|-----|
| Fácil aprendizaxe   | 2                           | 20% |
| Coeducación e valores   | 3                           | 30% |
| Interésanme e formeime neles  | 2                           | 20% |
| Alternativa aos deportes de masas   | 1                           | 10% |
| Boa actitude por parte do alumnado  | 1                           | 10% |
| Os deportes tradicionais, populares e predeportivos tamén son importantes | 1                           | 10% |

## 6. Discusión

Na primeira parte do presente estudo, centrada no alumnado, móstrase que a meirande parte dos alumnos e alumnas realizan actividades deportivas fóra do contexto da escola, obtivemos resultados favorables que indican que nove de cada dez alumnos e alumnas realizaban algún deporte, salientando deportes colectivos de contacto e individuais sen contacto, con especial importancia atopamos o fútbol, actividades relacionadas co baile, a natación e o baloncesto. Estudos como os levados a cabo por Chacón, Arufe, Espejo, Cachón, Zurita e Castro (2017) ou Reverter, Plaza, Jové e Hernández (2014) coinciden con estes datos en diversos puntos, aínda que en referencia ao primeiro estudo mencionado acadáronse maiores resultados por parte dos deportes de raqueta e outros deportes acuáticos.

A elección destes deportes de forma concreta por parte do alumnado débese maiormente a unha motivación relacionada co compoñente lúdico que teñen estas actividades deportivas, por encima doutras motivacións relacionadas co coidado da saúde ou coa imaxe corporal propia do alumnado como recollen no seus estudos Granda, Montilla, Barbero, Mingorance e Alemany (2010) e Isoma, Rial e Vaquero-Cristóbal (2014).

No propio centro o alumnado tamén realiza actividades deportivas fóra das aulas, no tempo que teñen durante o recreo. Este estudo mostra que unha maioría realiza algún tipo de deporte durante o recreo aínda que en maior porcentaxe que o obtivo en estudos como o de Rodríguez, García-Cantó, Sánchez e López-Miñarro (2014), destacando por encima de todos o fútbol. Podemos salientar que neste caso as rapazas están menos activas que os rapaces durante os recreos, así, mentres as primeiras optan máis polo baloncesto ou salto á comba, os segundos encáranse máis ao fútbol, estando en acordo co estudo realizado por Escalante, Backx, Saavedra, García-Hermoso e Domínguez (2011).

Por outro lado, na materia de EF o alumnado atópase cunha oferta deportiva na que destacan como deportes máis practicados o baloncesto e o fútbol, ao igual que se reflicte no estudo de Robles, Giménez e Abad (2010) nun contexto de Educación Secundaria, seguidos doutras opcións menos convencionais como o bádminton ou o floorball. Podemos observar como se empeza a integrar entre os chamados deportes de masas algunha actividade deportiva menos habitual no contexto do alumnado. É necesario destacar que os deportes de equipo se impoñen aos deportes individuais, tal é como se mostra no estudo citado anteriormente ou no desenvolvido por Robles, Giménez, Abad e Robles (2015).

Neste estudo tamén se mostra como moito alumnado do total enquisado afirma que coñece novos deportes a través da materia de EF, aparecendo deportes pouco recoñecidos a nivel social como o korfbal, o ultimate frisbee ou o ringo-pica, que entran no rango do que denominamos deportes alternativos a aqueles que están máis implantados na sociedade, os deportes de masas. Isto indica que pouco a pouco o profesorado vai ampliando a oferta deportiva existente nos centros, aspecto que non podemos contrastar xa que non hai estudos ao respecto.

A gran maioría do alumnado mostrouse atraído ante a posibilidade de introducir novos deportes na materia de EF, xa que para eles é unha oportunidade para coñecer e levar á práctica actividades deportivas que non soen ser usuais. Este é o maior motivo que leva aos alumnos a querer traballar máis deportes na aula, seguido do compoñente lúdico que acompaña aos deportes e á opinión formada de que o que se leva a cabo nas aulas de EF acaba sendo repetitivo curso tras curso, xa que non deixan de traballarse os mesmos deportes ano tras ano chegando a ser aburrido e desmotivador para os alumnos (Fierro, Haro e García, 2016). Non se atoparon estudos que reafirmen as nosas hipóteses ao respecto deste tema.

Os deportes que os nenos elixiron como aqueles que máis lles interesaría realizar nas horas de EF son o parkour, a natación, os bolos, a esgrima ou o tenis de mesa. É importante destacar que a maioría son deportes individuais ou de oposición, o cal se afasta

das tendencias que podemos atopar nos centros onde como ben dixemos anteriormente predominan os deportes de equipo. A maioría dos alumnos e alumnas tiñan un coñecemento amplo sobre os deportes da listaxe proporcionada, xa que máis da metade dos enquisados coñecían case todos ou, polo menos, a metade das actividades deportivas alí propostas.

Entrando na segunda parte do estudo, cos mestres e mestras de EF como eixo, centrámonos no Bloque 6 de xogos e deportes, bloque sobre o que se traballan máis contidos na etapa de Educación Primaria coincidindo cos resultados obtidos por Méndez et al. (2015b), ao igual que ocorre co estudo de Ureña, Alarcón e Ureña (2009) co mesmo resultado pero neste caso na etapa de Educación Secundaria. Deste xeito afondamos un pouco na programación destes mestres e a importancia que ten o deporte.

Atopámonos en primeiro lugar diferentes opinións sobre os deportes con maior presenza nas programacións, por un lado atopamos un predominio dos deportes de equipo que aparecen como os máis empregados como no estudo de Robles et al. (2015), pero tamén comezan a emerxer os deportes alternativos. Como salienta P1: “Os deportes alternativos xunto con xogos populares e tradicionais”, manteñen un equilibrio na programación. Por outro lado P3 opina que “Non teñen máis peso uns que outros, os contidos prográmanse en función do Deseño Curricular Base”, dándolle maior importancia ao marco curricular, opoñéndose á opinión de moitos docentes da visión do currículo como un documento sen utilidade real, simplemente burocracia (Méndez et al. 2015b).

Os mestres amosáronnos cales son, dende o seu punto de vista, os motivos polos que os centros ofertan sempre ou case sempre as mesmas actividades deportivas. A maioría concordan en que os principais motivos son a falta de formación e actualización por parte dos docentes ou pola carencia de materiais no centro, aspectos xa sinalados por Lara e Cachón (2010) e Robles et al. (2015), aínda que tamén aparecen outros motivos coma a demanda do alumnado. De todas formas os docentes séntense capacitados para realizar o seu traballo e formar aos seus alumnos en diferentes actividades deportivas, así como que están pendentes das novas alternativas que complementan a oferta habitual.

Falando sobre o material, os docentes consideran maiormente que si teñen material suficiente no centro. Tendo en conta isto, unha parte dos docentes non pensaron na opción de complementar o material do centro con materiais de elaboración propia por parte dos propios docentes ou dos seus alumnos. Estes materiais de elaboración propia fan que o alumno se sinta máis protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe e, ademais, o valor que este material ten para os nenos é superior e leva a que estea en bo estado co paso do tempo (Méndez-Giménez, Martínez-Maseda e Fernández-Río, 2010; Méndez-Giménez,

Martínez e Valverde-Pérez, 2016). Os mestres e mestras tamén mantiveron que contaban con boas instalacións e espazos suficientes para realizar prácticas deportivas.

Os docentes de EF enquisados recoñeceron verse capacitados para dar a coñecer na aula a maioría dos deportes que lles ofrecemos na listaxe. Dentro das escollas máis unánimes podemos destacar a presenza de deportes estendidos a nivel social (balonmán, o bádminton, a natación ou o atletismo), deportes populares e tradicionais (bolos e a petanca) e incluso un deporte alternativo (ultimate frisbee). Podemos salientar que en xeral os deportes con máis escollas son aqueles máis convencionais, mentres que aqueles con menos son deportes alternativos e recentes ou algún que non está moi estendido dentro da nosa cultura. Neste caso non atopamos estudos que corroboren os nosos resultados.

No referente aos deportes alternativos, os mestres e mestras definíronos de distintas formas considerándoos, como no caso do P1 e o P4, como unha alternativa aos deportes tradicionais e convencionais. Tamén os definen a través do material, o espazo de práctica ou as normas como sinalan o P2 e o P3. O P5 destaca sobre todo que neles prima a cooperatividade por encima da competitividade, que son fáciles á hora de ensinar por empregar técnicas sinxelas para o alumnado e que nin a idade nin o sexo son obstáculo, ademais de ser homoxéneos. Estas definicións seguen un fío marcado por autores como Hernández (2007) e Requena (2008) destacando aspectos como a transmisión de valores, a abstracción do compoñente competitivo, o material novidoso ou a participación do alumnado.

Ante a posibilidade de realizar unha proposta didáctica baseada en deportes alternativos, a excepción dun dos mestres, manifestáronse todos de forma positiva. Isto quere dicir que actualmente nos atopamos nunha tendencia que leva a que os docentes comecen a traballar como propostas novidosas e que se afastan do convencional e o habitual nas aulas de EF. Deste xeito, co paso dos anos podemos atopar cada vez máis propostas didácticas centradas en deportes pouco habituais como poden ser as de Hernández e Villalba (2011), Montiel (2016), Muñoz (2009), Pérez, Botías, Meseguer, López e García (2013), Requena (2008), Ruíz-Sanchís, Ros e Bastida (2014) ou Ruíz-Sanchís et. al. (2015).

Os docentes destacan que escollerían deportes deste tipo polo seu fácil aprendizaxe, porque favorecen a homoxeneidade e a coeducación polo que transmite uns valores de gran calidade coincidindo con autores como Feu (2008) ou Hernández (2007). Tamén mencionan que teñen boa acollida por parte do alumnado e que son unha alternativa ao máis habitual, incluso o P3 mencionou que eran actividades deportivas que lle interesaban e que se formou pola súa conta para ampliar os seus coñecementos. Por outro lado, o P2 mencionou

que tampouco podemos esquecer dos deportes tradicionais, populares e predeportivos xa que son importantes e son os máis demandados socialmente.

Este estudo ten certas limitacións que resulta de interese comentar. Os instrumentos empregados foron de elaboración propia e creados explicitamente para esta investigación, polo que sería importante empregar outro tipo de instrumentos validados de forma previa, así poderíamos mellorar a eficacia e veracidade dos datos estatísticos. Tamén existen defectos derivados da mostra ca que conta o estudo, xa que solo se compón de forma exclusiva do alumnado dos dous últimos cursos da etapa de Primaria, de xeito que se podería ampliar para estudos que teñan lugar no futuro con estudantes doutros cursos de Primaria, así como cun maior número de mestres de EF.

## **7. Proposta didáctica**

### **7.1. Tema**

Esta proposta está dedicada a introducir os deportes alternativos no curso de 6º de Primaria nun aula de entre 20 e 25 alumnos dun centro público ou concertado de ámbito semi-urbano.

Mediante esta unidade didáctica buscamos dar a coñecer ao alumnado novas prácticas deportivas descoñecidas por eles ou con menor relevancia dentro do ámbito educativo para así ampliar as posibilidades existentes nas aulas, así como para mostrarlle ao alumnado que existen alternativas aos deportes de masas.

### **7.2. Xustificación**

Fronte aos deportes de masas polos que optan a maioría de centros nestas idades, xa que son deportes que máis practican os nenos e nenas no seu tempo libre e, polo tanto, fai que a súa introdución na aula sexa máis doada, debemos propoñer alternativas e abrirlle o mundo do deporte ao noso alumnado, proporcionándolle un abano de propostas máis amplo á diferenza do habitual, para que se familiaricen con outro tipo de actividades menos estendidas socialmente.

Estas actividades destacan por ser motivadoras para o alumnado que non concorda coas propostas máis tradicionais, coas que non se senten cómodos algúns alumnos. Permítenos traballar nunha realidade diferente buscando un aumento da motivación, das situacións educativas nas aulas de EF, así como das posibles intervencións e participación do alumnado, xa que se trata de disciplinas por equipos mixtos que fomentan o traballo en equipo e a integración.

A proposta ten carácter de futuro, porque con cada novo curso escolar se introducirán novos deportes, deste xeito con cada ano de curso se traballaría con 4 deportes

novos, permitíndonos traballar unha maior variedade de actividades deportivas e facendo que a proposta teña unha continuidade ao longo do tempo.

Esta unidade integra o Bloque 6 de “Os xogos e actividades deportivas” de sexto curso de primaria, seguindo o Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014) polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia.

### **7.3. Recursos**

#### **7.3.1. Materiais**

- Colchonetas, bancos, mesas e espalderas.
- Discos voadores ou frisbees.
- Floretes de espuma.
- Mesas, pelotas e raquetas de tenis de mesa.

#### **7.3.2. Recursos didácticos**

Recursos audiovisuais para que o alumnado poida ver as actividades antes de realizalas, así como un equipo de son para traballar con música de fondo que incentive o traballo e a diversión do alumnado. Pódese dar a posibilidade de colaborar con especialistas ou institucións especializadas para algunha das sesións.

#### **7.3.3. Espazos**

Os espazos dos que dispoña o centro xa sexa unha pista de fútbol sala, un polideportivo ou un ximnasio. Tamén algún espazo externo ao centro, se dispón do mesmo.

### **7.4. Temporalización**

Esta proposta desenvolverase en oito sesións, que ocuparan catro semanas con dúas clases de 50 minutos cada unha delas. Neste caso concreto poremos en práctica a unidade de cara ao último trimestre do curso escolar, cando o alumnado teña adquirido coñecemento e hábito sobre outros deportes de equipo realizados anteriormente durante o curso.

### **7.5. Competencias Clave**

Segundo o Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014), as competencias clave que se desenvolverán son:

- Competencia Lingüística (CCL). Ca adquisición de linguaxe referente aos diferentes deportes ou cando se comunican entre compañeiros.
- Competencias sociais e cívicas (CSC). Desenvolvendo actitudes de respecto e comprensión no alumnado para integrarse de mellor maneira na sociedade actual.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Buscando unha participación activa que fomente actitudes e habilidades emprendedoras nun contexto de xogo democrático e libre.
- Aprender a aprender (CAA). Promovendo a adquisición da capacidade para que os alumnos se corrixan a eles mesmos e a outros compañeiros.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC). Aumentando un pouco a riqueza da unidade, ampliando os coñecementos sobre a procedencia dos diferentes deportes que se levarán a cabo.

### **7.6. Obxectivos xerais**

Esta unidade contribúe á adquisición dalgúns dos obxectivos da etapa de Educación Primaria que se reflicten no Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014):

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a EF e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

### **7.7. Obxectivos específicos**

- Coñecer unha alternativa aos deportes de masas e practicalos.
- Adquirir dinámicas, habilidades e destrezas motrices básicas para a realización das diferentes actividades deportivas.
- Fomentar valores educativos como o traballo en equipo, o respecto ás normas e aos demais ou o compañeirismo.



### **7.8. Contidos**

Tendo en conta o Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014) os contidos que traballaremos nesta proposta son:

- B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
- B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
- B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.
- B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.
- B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

### **7.9. Criterios de avaliación**

Segundo o Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014), serán tidos en conta os seguintes criterios de avaliación:

- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
- B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
- B6.3. Relacionar os conceptos específicos de EF e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

### **7.10. Estándares de aprendizaxe**

En relación ao Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014), estes serán os estándares de aprendizaxe sobre os que se sostén esta proposta:

- EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
- EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

- EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.
- EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.
- EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
- EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
- EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.

### **7.11. Pautas metodolóxicas**

En referencia ao Decreto 105/2014 (DOG nº 171, do 9 de setembro de 2014), a nosa unidade didáctica rexerese polas seguintes orientacións metodolóxicas:

- As actividades terán un carácter global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

### **7.12. Adaptacións**

As actividades realizadas durante esta proposta didáctica poderanse adaptar a través de pequenos axustes para o alumnado do 5º curso da Educación Primaria, recomendando a súa introdución de cara ao final do curso cando xa os nenos e nenas teñan asumido o traballo cos deportes adaptados.

Tamén é necesario ter presente que podemos ter alumnado con distintas necesidades dentro dun mesmo grupo-clase, polo que esta proposta debe ser flexible con actividades sinxelas que se poidan adaptar en función destas necesidades. Deste xeito os

obxectivos marcados poderán lograrse a través de actividades diferentes e alternativas máis acordes ao tipo de alumnado co que contemos na aula.

### **7.13. Avaliación**

Na avaliación debemos destacar as diversas técnicas que poremos en práctica ao longo do proceso de aprendizaxe. Tamén é necesario citar os diferentes momentos que se dan nunha avaliación para o desenvolvemento apropiado desta unidade.

#### **7.13.1. Técnicas de avaliación**

- Observación e rexistro do proceso de asimilación de coñecementos.
- Observación do comportamento e actitudes do alumnado ante o descubrimento de diferentes deportes.
- Observación do comportamento do alumnado e como se desenvolve no entorno da aula e cos seus compañeiros.
- Realización de cuestionarios e listas de control por parte do alumnado que se entregaran ao remate da proposta.

#### **7.13.2. Momentos e funcións da avaliación**

- Avaliación inicial-diagnóstica. Debemos indagar sobre as experiencias do alumnado para comprobar os seus coñecementos previos, axudándonos a determinar o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Avaliación continua-formativa. Esta desenvólvese en todas as sesións e ten como fin axudar ao docente a ter unha referencia sobre se o seu alumnado esta conseguindo os obxectivos marcados. Tamén debemos ter en contas as dificultades dos alumnos e alumnas para axustar as diferentes actividades.
- Avaliación final-sumativa. Ao finalizar esta unidade didáctica, avaliarase todo o que os alumnos aprenderon baseándonos nos nosos criterios previos.
- Avaliación da propia proposta e do docente. A súa fin debemos preocuparnos por saber que pensan os alumnos sobre a unidade e as actividades realizadas, a través de cuestionarios ou listas de control. Grazas a isto, o profesor ou profesora avaliará os pros e os contras da súa proposta e determinará que cousas deberían mellorar, ampliar ou suprimir. Ademais disto, debemos valorar a nosa intervención e

metodoloxía, os recursos que utilizamos con esta unidade e se é posible mellorar ou buscar alternativas.

- Autoavaliación. O profesor ou profesora realizará unha autoavaliación na que analice a súa acción docente, co fin de mellorar tanto a unidade como o proceso de ensino-aprendizaxe.

#### **7.14. Sesións**

A proposta desenvolverase en 8 sesións de 50 minutos cada unha. Introduciranse 4 deportes ao longo da proposta, é dicir, cada deporte ocupará dúas sesións. En todas o comezo constara dun quecemento baseado en actividades de mobilidade articular, mentres aproveitamos para ir explicando os contidos que se tratarán na sesión. Cada sesión rematará cunha volta á calma, onde se realizarán estiramientos ao tempo que se reflexionará sobre os contidos da sesión, así como sobre diferentes aspectos positivos ou negativos.

- **Sesión 1.** Introducción aos fundamentos básicos e habilidades do parkour.
- **Sesión 2.** Realización de diferentes actividades ou circuítos para a práctica do parkour.
- **Sesión 3.** Introducción ao ultimate frisbee
- **Sesión 4.** Práctica de partidos de ultimate frisbee.
- **Sesión 5.** Introducción á esgrima así como aos seus fundamentos básicos e habilidades.
- **Sesión 6.** A través de distintas actividades, familiarizarse co deporte da esgrima.
- **Sesión 7.** Introducción ao tenis de mesa, aos seus fundamentos básicos e habilidades.
- **Sesión 8.** Realización de partidos de tenis de mesa.

#### **8. Conclusións**

Opinamos que a progresiva introdución dos deportes alternativos nas aulas de primaria debe seguir aumentando progresivamente co paso dos anos, de forma que se acabe producindo un equilibrio entre aquelas propostas máis convencionais e habituais e as novidasas e innovadoras, co fin de crear unha EF máis ampla e con múltiples opcións tanto para os docentes como para o alumnado. Este proceso está en marcha, como puidemos ver nos centros cos que traballamos, e debe seguir expandíndose.

Os valores que os deportes alternativos transmiten nas aulas de EF van máis alá destas, xa que son valores que unha persoa necesita no seu día a día polo cal son moi beneficiosos. Permitíndonos romper a barreira da diferenza de xénero no deporte porque son homoxéneos e favorecen a coeducación, un aspecto moi importante na educación e a

sociedade actual. Valores como a igualdade de oportunidades, a cooperación ou a participación son a carta de presentación para pensar na introdución nas aulas destas actividades deportivas.

Estes deportes rompen ca convencionalidade das ofertas deportivas ás que o alumnado está acostumado, abríndolle as portas ao mundo do deporte por moitas máis vías das que dispón actualmente. A motivación do alumnado a través do compoñente lúdico que teñen estas actividades e a participación nelas, axudan a que ditos alumnos e alumnas non teñan unha sensación de estar repetindo ano tras ano o mesmo, o cal é un aspecto moi importante.

Por último, debemos mencionar que a formación dos mestres inflúe moito e é necesario incidir nas programacións que se realizan nas facultades de formación de profesorado para que amplíen os coñecementos relacionados co área da EF, xa que ademais de ser un área propia, tamén é moi dada a interdisciplinariedade con outras materias a través do xogo. Tamén fomentar nos mestres en activo unha actitude que os leve a seguir formándose de maneira continúa, manténdose ao día sobre aquelas innovacións e alternativas que poidan levar ás súas aulas.

## 9. Referencias bibliográficas

- Abad, M.T., Benito, P.J., Giménez, F.J. e Robles, J. (2013). Fundamentos pedagógicos de la enseñanza comprensiva del deporte: Una revisión de la literatura. *Cultura, Ciencia y Deporte*, 8 (23), 137-146.
- Alarcón, F., Cárdenas, D., Miranda, M.T., Ureña, N. e Piñar, M.I. (2010). La metodología de enseñanza en los deportes de equipo. *Revista de Investigación en Educación*, 7, 91-103.
- Álvarez, C. e San Fabián, J.L. (2012). La elección del estudio de caso en investigación educativa. *Gazeta de Antropología*, 28 (1), artículo 14. Recuperado de <http://hdl.handle.net/10481/20644> [Consultado o 20-VII-2017].
- Arufe, V. (7 de maio de 2016). 11 Deportes alternativos para Educación Física [Entrada en blog]. Blog Educación, Innovación y Emprendimiento. Recuperado de <https://www.victorarufe.com/2016/05/07/5-deportes-alternativos-para-educaci%C3%B3n-f%C3%ADsica/> [Consultado o 20-VII-2017].
- Campuzano, S. (2009). Unidad didáctica: Fútbol y fútbol-sala. *EFDeportes.com, Revista Digital*, 14 (133). Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd156/unidad-didactica-de-futbol.htm> [Consultado o 20-VII-2017].

- Castejón, F.J. (2004). La utilización del modelo integrado de enseñanza en la iniciación deportiva: limitaciones desde la atención y la memoria. *Revista Complutense de Educación*, 15 (1), 203-230.
- Chacón, R., Arufe, V., Espejo, T., Cachón, J., Zurita, F. e Castro, D. (2017). Práctica físico-deportiva, actividades de ocio y concepción sobre la Educación Física en escolares de A Coruña. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 32, 164-167.
- Corrales, A.R. (2010). El deporte como elemento educativo indispensable en el área de educación física. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 1 (4), 23-36.
- Dalmau, J.M. e Peire, T. (2010). Curso CPR: De los juegos alternativos a los nuevos deportes. Apuntes de clase. Recuperado de <http://multiblog.educacion.navarra.es/jmoreno1/files/2010/06/Apuntes-de-texto-del-curso.pdf> [Consultado o 20-VII-2017].
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº171, de 9 de setembro de 2014).
- Escalante, Y., Backx, K., Saavedra, J.M., García-Hermoso, A. e Domínguez, A.M. (2011). Relación entre actividad física diaria, actividad física en el patio escolar, edad y sexo en escolares de Educación Primaria. *Revista Española de Salud Pública*, 85 (5), 481-489.
- Feu, S. (2008). ¿Son los juegos deportivos alternativos una posibilidad para favorecer la coeducación en las clases de Educación Física?. *Campo Abierto*, 27 (2), 31-47.
- Fierro, S., Haro, A. e García, V. (2016). Los deportes alternativos en el ámbito educativo. *Emotion. Revista de Educación, Motricidad e Investigación*, 6, 40-48.
- García, L.M. (2001). El enfoque de la enseñanza del modelo horizontal estructural en la iniciación deportiva. *RUIdeRA, Repositorio Universitario Institucional de Recursos Abiertos, Docencia e Investigación*, 11. Recuperado de [https://ruidera.uclm.es/xmlui/bitstream/handle/10578/7375/El\\_enfoque\\_de\\_enseanza\\_del\\_modelo\\_horizontal\\_estr.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://ruidera.uclm.es/xmlui/bitstream/handle/10578/7375/El_enfoque_de_enseanza_del_modelo_horizontal_estr.pdf?sequence=1&isAllowed=y) [Consultado o 20-VII-2017].
- Granda, J., Montilla, M., Barbero, J.C., Mingorance, A. e Alemany, I. (2010). Frecuencia de práctica y motivos de participación/noparticipación en actividades físicas en función del género de escolares de 10-12 años de Melilla. *Revista Internacional de Ciencias del Deporte*, 21 (6), 280-296.

- Hellín, M. e González, M.I. (2013). Unidad didáctica: 'Iniciación al baloncesto'. *EFDeportes.com, Revista Digital*, 17 (178). Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd178/unidad-didactica-iniciacion-al-baloncesto.htm> [Consultado o 20-VII-2017].
- Hernández, J.M. (2007). El valor pedagógico de los deportes alternativos. *EFDeportes.com, Revista Digital*, 12 (114). Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd114/el-valor-pedagogico-de-los-deportes-alternativos.htm> [Consultado o 20-VII-2017].
- Hernández, N.F. e Carballo, C.G. (2002-2003). Acerca del concepto de deporte: alcance de su (s) significado (s). *Educación Física y Ciencia*, 6, 87-102.
- Hernández, A.J. e Villalba, M.E. (2011). Un nuevo juego para las clases de Educación Física: "El pica-pong". *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 2 (9), 27-31.
- Isoma, M., Rial, A. e Vaquero-Cristóbal, R. (2014). Motivaciones para la práctica deportiva en escolares federados y no federados. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 25, 80-84.
- Lara, A.J. e Cachón, J. (2010). Kinball: Los deportes alternativos en la formación del/la docente de educación física. En 'CiDd: II Congrés Internacional de Didàctiques 2010'. Girona. Recuperado de <http://dugi-doc.udg.edu/bitstream/handle/10256/3001/491.pdf?sequence=1> [Consultado o 20-VII-2017].
- López-Ros, V., Castejón-Oliva, F.C., Bouthier, D. e Llovet-Martí, B. (2015). Modelos para una enseñanza comprensiva del deporte. Espacios comunes para el encuentro (y algún desencuentro). *Ágora para la Educación Física y el Deporte*, 17 (1), 45-60.
- Martín, J., Romero-Martín, M.R. e Chivite, M. (2015). La educación física en el sistema educativo español. *Revista Española de Educación Física y Deportes*, 411, 35-51.
- Méndez, D., Fernández-Río, J., Méndez, A. e Prieto J.A. (2015a). Análisis de los currículos autonómicos LOMCE de Educación Física en Educación Primaria. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 28, 15-20.
- Méndez, D., Fernández-Río, J., Méndez, A. e Prieto J.A. (2015b). Estudio sobre las variables que influyen en el desarrollo de los contenidos en educación física en primaria en el Principado de Asturias. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 28, 104-109.

- Méndez-Giménez, A., Martínez-Maseda, J. e Fernández-Río (2010). Impacto de los materiales autoconstruidos sobre la diversión, aprendizaje, satisfacción, motivación y expectativas del alumnado de Primaria en la enseñanza del paladós. En 'Congreso de la Asociación Internacional de Escuelas Superiores de Educación Física (AIESEP)'. A Coruña. Recuperado de [https://www.researchgate.net/publication/236268049\\_Impacto\\_de\\_los\\_materiales\\_autoconstruidos\\_sobre\\_la\\_diversion\\_aprendizaje\\_satisfaccion\\_motivacion\\_y\\_expectativas\\_de\\_l\\_alumnado\\_de\\_primaria\\_en\\_la\\_ensenanza\\_del\\_palados](https://www.researchgate.net/publication/236268049_Impacto_de_los_materiales_autoconstruidos_sobre_la_diversion_aprendizaje_satisfaccion_motivacion_y_expectativas_de_l_alumnado_de_primaria_en_la_ensenanza_del_palados) [Consultado o 20-VII-2017].
- Méndez-Giménez, A., Martínez, D. e Valverde-Pérez, J.J. (2016). Valoración del alumnado y profesorado del material convencional y auto-construido: estudio longitudinal de diseño cruzado en Educación Deportiva. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 30, 20-25.
- Montiel, F.J. (2016). Propuesta de unidad formativa. Rugby tag: Integración del rugby en Educación Primaria. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 7 (38), 87-102.
- Muñoz, D. (2009). Conoce y practica diferentes deportes alternativos en el área de Educación Física. *EFDeportes.com, Revista Digital*, 14 (136). Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd136/deportes-alternativos-en-el-area-de-educacion-fisica.htm> [Consultado o 20-VII-2017].
- Muñoz, J.C. (2014). El currículo del área de educación física de Primaria en la LOMCE. Análisis del Real Decreto 126/2014. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 5 (27), 24-39.
- Peire, T. e Estrada, J. (2015). Innovación en la educación física y en el deporte escolar: métodos de enseñanza, deportes y materiales alternativos. *E-balonmano.com: Revista de Ciencias del Deporte*, 11 (Supl.2), 223-224.
- Pérez, J.J., Botías, J., Meseguer, G., López, C. e García, E. (2013). Desarrollo de las capacidades coordinativas a través del juego: parkour. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 4 (20), 56-66.
- Quecedo, R. e Castaño, C. (2002). Introducción a la metodología de investigación cualitativa. *Revista de Psicodidáctica*, 14, 5-40.
- Requena, O. (2008). Juegos alternativos en Educación Física: Flag football. *Revista Digital Innovación y Experiencia Educativa*, 4, artículo 33. Recuperado de [http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod\\_ense/revista/pdf/Numero\\_4/OSCAR\\_REQUENA\\_LOPEZ\\_JUEGOS\\_ALTERNATIVOS.pdf](http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_4/OSCAR_REQUENA_LOPEZ_JUEGOS_ALTERNATIVOS.pdf) [Consultado o 20-VII-2017].



- Reverter, J., Plaza, D., Jové, M.C. e Hernández, V. (2014). Actividad físico-deportiva extraescolar en alumnos de primaria: el caso de Torrevieja (Alicante). *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 25, 48-52.
- Robles-Rodríguez, J., Abad-Robles, M.T., Fuentes-Guerra, J.G. e Benito-Peinado, P. (2017). Los deportes adaptados como contribución a la educación en valores y a la mejora de las habilidades motrices: la opinión de los alumnos de Bachillerato. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 31, 140-144.
- Robles, J., Giménez, F.J. e Abad, M.T. (2010). Motivos que llevan a los profesores de Educación Física a elegir los contenidos deportivos en la E.S.O.. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 18, 5-8.
- Robles, J., Giménez, F.J., Abad, M.T. e Robles, A. (2015). El desarrollo curricular del deporte según la percepción del profesorado desde una perspectiva cualitativa. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 27, 98-104.
- Rodríguez, P.L., García-Cantó, E., Sánchez, C. e López-Miñarro, P.A. (2014). Percepción de la utilidad de las clases de educación física y su relación con la práctica físico-deportiva en escolares. *Cultura y Educación, Culture and Education*, 25, 65-76.
- Rodríguez, J.E., Mato, J.A. e Pereira, M.C. (2016). Análisis de los métodos tradicionales de enseñanza-aprendizaje de los deportes colectivos en Educación Primaria y propuestas didácticas innovadoras. *Sportis. Scientific Technical Journal*, 2 (2), 303-323.
- Romero, C. (2007). Delimitación del campo didáctico de la Educación Física y de su actividad científica. *Profesorado. Revista de curriculum y formación del profesorado*, 11 (2). Recuperado de <http://www.ugr.es/~recfpro/rev112ART1.pdf#> [Consultado o 20-VII-2017].
- Ruiz, L. (2011). Unidad didáctica de fútbol destinada a niños de tercer ciclo de educación primaria. *EFDeportes.com, Revista Digital*, 16 (156). Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd156/unidad-didactica-de-futbol.htm> [Consultado o 20-VII-2017].
- Ruiz-Sanchis, L., Ros, C. e Bastida, A.I. (2014). Elaboración del florete para la esgrima en la Educación Física. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 6 (31), 55-65.
- Ruiz-Sanchis, L., Ros, C. e Bastida, A.I. (2015). Tratamiento metodológico de la esgrima en las aulas de EF. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, 6 (35), 141-151.

Sánchez Bañuelos, F. (2003). *Didáctica de la educación física*. Madrid: Pearson Education.

Ureña, N., Alarcón, F. e Ureña, F. (2009). La realidad de los deportes colectivos en la Enseñanza Secundaria. Cómo planifican e intervienen los profesores de Murcia. *Retos, Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 16, 9-15.

**Anexo I: Cuestionario sobre  
actividades deportivas e coñecemento  
sobre o deporte para o alumnado**

Sexo:  Home  Muller Curso:  5º  6º

1) Practicas algún deporte ou deportes fóra da escola?

SI  NO

1.1) Se a túa resposta foi SI, que deporte ou deportes son?

1.2) Cantos días á semana os practicas, aproximadamente?

1 ou 2 días  3 días  4 días  5 ou máis días

1.3) Cantas horas ao día os practicas, aproximadamente?

30 minutos  1 hora  2 horas  Máis de dúas horas

1.4) Por que practicas ese deporte ou deportes?

2) Practicas algún deporte na escola durante os recreos?

SI  NO

2.1) Se a túa resposta foi SI, que deporte ou deportes son?

2.2. A escola conta con material deportivo para poder realizar diferentes deportes durante o recreo e as clases de Educación Física?

SI  NO

3) Na materia de Educación Física, que deporte ou deportes practicas?

4) Na materia de Educación Física descubres deportes que non coñecías?

SI  NO

4.1) Se a túa resposta foi SI, que deporte ou deportes son?

5) Gustaríache realizar máis variedade de deportes na materia de Educación Física?

5) Gustaríache realizar máis variedade de deportes na materia de Educación Física?

SI  NO

5.1) Se a túa resposta foi SI, explica o porqué:

6) Da seguinte lista de deportes marca todos aqueles que che gustaría coñecer ou practicar (pódense seleccionar varios):

- |                                    |                                    |  |   |
|------------------------------------|------------------------------------|--|---|
| <input type="checkbox"/> Atletismo | <input type="checkbox"/> Korfball  | <input type="checkbox"/> Petanca       | <input type="checkbox"/> Kinball          |
| <input type="checkbox"/> Balonmán  | <input type="checkbox"/> Críquet   | <input type="checkbox"/> Piragüismo    | <input type="checkbox"/> Tchoukball       |
| <input type="checkbox"/> Bádminton | <input type="checkbox"/> Floorball | <input type="checkbox"/> Remo          | <input type="checkbox"/> Tripela          |
| <input type="checkbox"/> Béisbol   | <input type="checkbox"/> Lacrosse  | <input type="checkbox"/> Rugby         | <input type="checkbox"/> Slackline        |
| <input type="checkbox"/> Bolos     | <input type="checkbox"/> Natación  | <input type="checkbox"/> Softball      | <input type="checkbox"/> Goalball         |
| <input type="checkbox"/> Boxeo     | <input type="checkbox"/> Parkour   | <input type="checkbox"/> Tenis de mesa | <input type="checkbox"/> Disc Golf        |
| <input type="checkbox"/> Ciclismo  | <input type="checkbox"/> Patinaxe  | <input type="checkbox"/> Esgrima       | <input type="checkbox"/> Ultimate Frisbee |

6.1) Da anterior lista de deportes coñezo...

Todos (28)  Case todos (Entre 28 e 14)  A metade (14)  Poucos (Entre 14 e 0)  Ningún (0)

6.2) Ocorréseche algún deporte que quixeras coñecer ou practicar que non se atope na lista?

**Anexo II: Cuestionario sobre oferta  
deportiva, coñecemento e aptitudes do  
deporte para o profesorado de EF**

\*Neste test centraremos nos contidos dos cursos de 5º e 6º de Primaria

|  |        |                              |
|--|--------|------------------------------|
| Sexo <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller | Idade: | Anos de experiencia laboral: |
|--|--------|------------------------------|

1) Na súa programación anual cales son os deportes que máis peso teñen?

1.1) Cal é o/os motivo/s polo/s que escolle estes deportes e non outros?

2) Cal cre que é a razón de que nos centros se oferten sempre ou case sempre os mesmos deportes?

3) A nivel persoal séntese capacitado para dar a coñecer aos seus alumnos calquera tipo de deporte?

Totalmente en desacordo  En desacordo  De acordo  Totalmente de acordo

3.1) Explique o porqué da resposta na pregunta 3):

4) Está vostede ao día respecto das novas alternativas deportivas que complementan a oferta habitual ou tradicional que soen ofrecer os centros na materia de Educación Física?

Si, e póñoas en práctica  Si, pero non as aplico  Non, pero gustaríame  Non, non teño interese

5) Na súa opinión o material deportivo do que dispón na escola é suficiente?

Totalmente en desacordo  En desacordo  De acordo  Totalmente de acordo

5.1) Considerou a elaboración de materiais deportivos pola súa parte ou pola dos seus alumnos mediante a reciclaxe e a reutilización?

Totalmente en desacordo  En desacordo  De acordo  Totalmente de acordo

6) Na súa opinión considera que o centro ten boas instalacións e espazos para a practica da maioría dos deportes?

Totalmente en desacordo  En desacordo  De acordo  Totalmente de acordo

7) Da seguinte lista de deportes marque todos aqueles que coñeza ou se vexa capacitado para ensinar (pode seleccionar varios):

- |                                    |                                    |  |   |
|------------------------------------|------------------------------------|--|---|
| <input type="checkbox"/> Atletismo | <input type="checkbox"/> Korfball  | <input type="checkbox"/> Petanca       | <input type="checkbox"/> Kinball          |
| <input type="checkbox"/> Balonmán  | <input type="checkbox"/> Críquet   | <input type="checkbox"/> Piragüismo    | <input type="checkbox"/> Tchoukball       |
| <input type="checkbox"/> Bádminton | <input type="checkbox"/> Floorball | <input type="checkbox"/> Remo          | <input type="checkbox"/> Tripela          |
| <input type="checkbox"/> Béisbol   | <input type="checkbox"/> Lacrosse  | <input type="checkbox"/> Rugby         | <input type="checkbox"/> Slackline        |
| <input type="checkbox"/> Bolos     | <input type="checkbox"/> Natación  | <input type="checkbox"/> Softball      | <input type="checkbox"/> Goalball         |
| <input type="checkbox"/> Boxeo     | <input type="checkbox"/> Parkour   | <input type="checkbox"/> Tenis de mesa | <input type="checkbox"/> Disc Golf        |
| <input type="checkbox"/> Ciclismo  | <input type="checkbox"/> Patinaxe  | <input type="checkbox"/> Esgrima       | <input type="checkbox"/> Ultimate Frisbee |

8) Defina o que considera vostede como deporte alternativo, poña exemplos se o cre necesario.

9) Considérase capaz para realizar unha proposta educativa baseada en deportes alternativos?

Totalmente en desacordo  En desacordo  De acordo  Totalmente de acordo

9.1) Explique o porqué da resposta na pregunta 9):